



Galicia

# GALICIA

## LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA polo TEU**  
**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 880 Semana do 15 ao 21 de novembro de 2021

## AS MULLERES TRABALLAN 43 DÍAS GRATIS ESTE ANO

#EuTraballoGratis

**Redacción.-** UGT arrancou este xoves coa campaña #EuTraballoGratis, do 18 ó 31 de decembro, porque as mulleres españolas, de media, cobran un 11,9% menos que os homes, en salario/hora, segundo os datos de Eurostat. Isto supón 43 días ó ano traballando gratis, do 18 ó 31 de decembro. No caso de Galicia a brecha, por salario/hora, é dun 10,12%, o que suporía traballar gratis 37 días, dende o 24 de novembro. Aínda que hai que precisar que os datos de Galicia obtéñense da Enquisa de Estrutura Salarial que facilita o INE porque Eurostat non facilita datos por comunidades autónomas, polo que á hora de facer as comparacións hai que ter en conta estas diferenzas metodolóxicas.

Subindo o nivel de análise, os datos de Eurostat indican que na UE as mulleres cobran por hora un 14,1% menos que os homes de media. Isto equivale a 51 días de salario. Por este motivo, a Comisión Europea marcou o 10 de novembro como día simbólico para concienciar sobre o feito de que as traballadoras en Europa seguen gañando de media menos que os homes.

En España sumámonos a esta concienciación da poboación en relación á brecha salarial que soportan as mulleres asalariadas españolas coa campaña #EuTraballoGratis do 18 de novembro ó 31 de decembro de 2021 desenvolvida por UGT.

Aínda que dende hai 45 anos existe unha lexislación europea sobre igualdade salarial entre homes e mulleres, a brecha salarial de xénero na Unión Europea segue sendo inaceptablemente elevada, máis do 14% (10,12% en Galicia). Ó ritmo actual de progreso, moi lento, a igualdade salarial non se acadaría en toda a UE ata o próximo século (2104) e nunca se logrará nalgúns estados membros. E, segundo a Confederación Europea de Sindicatos (CES), ó ritmo actual a brecha salarial en España non se pechará ata o 2046.

O legado da COVID non pode ser máis desigualdade salarial, sobre todo,

cando a maioría dos traballadores e traballadoras esenciais de primeira liña son mulleres

A necesidade de actuar faise máis urxente cando o impacto do brote do coronavirus ameaza con socavar os avances logrados en materia de igualdade de xénero. O legado da COVID non pode ser unha menor igualdade salarial, sobre todo, porque a maioría dos traballadores e traballadoras esenciais e de primeira liña son mulleres. Non pode ser aceptable, se é que algunha vez o foi, referirse a estas traballadoras como pouco cualificadas. Demostraron o esenciais que son para as empresas, a organización, a sociedade e a economía. Dos 49 millóns de traballadores e traballadoras do sector asistencial na UE, preto do 76% son mulleres (78,3% en Galicia); as mulleres representan o 82% das traballadoras do comercio (80% en Galicia) e o 95% (95% tamén en Galicia) das persoas traballadoras da limpeza doméstica e axuda a domicilio. O papel esencial desempeñado por estas traballadoras durante a pandemia da COVID esixe volver a avaliar de xeito sistemático a súa remuneración, para que a súa verdadeira contribución se pague e valore axeitadamente.

A UE ten agora a oportunidade de pechar a brecha salarial de xénero. Pode facelo adoptando unha Directiva sobre transparencia salarial que faculte ás traballadoras para que se reevalúe o valor do seu traballo, agora infravalorado, e adoptando unha Directiva sobre salarios mínimos axeitados que eleve os salarios mínimos a un limiar de decencia e elimine obstáculos á negociación colectiva. É unha dobre oportunidade que non volverá a xurdir en moito tempo.

Dende o Comité de Mulleres da Confederación Europea de Sindicatos vimos



participando ó longo dos últimos anos, con campañas continuas para presionar á Comisión Europea a que aprobe unha Directiva sobre Transparencia Salarial, que garanta os instrumentos necesarios para coñecer as discriminacións salariais no eido laboral.

**Acordo SMI, Decreto Igualdade Retributiva, Plan de Igualdade, convenios colectivos, Inspección de Traballo, rexistros retributivos ou auditorías salariais, todos instrumentos que hai que poñer en marcha para romper coas brechas salariais**

En España contamos cun acordo de Salario Mínimo Interprofesional, que debemos seguir mantendo e reivindicando o seu aumento nos vindeiros anos, cun Real Decreto sobre Igualdade Retributiva, que vai permitir ás traballadoras españolas coñecer os motivos da súa discriminación salarial e eliminalos, corruxilos e previlos nun futuro a través dos Plans de Igualdade e os Convenios Colectivos. Ou ben, a través das demandas ante a Inspección de Traballo ou ante os xulgados correspondentes, xa que os Rexistros Retributivos, obrigatorios en todas as empresas españolas, e as Auditorías Salariais, obrigatorias para quenes teñen ou queren poñer en marcha un Plan de

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

Igualdade, serán probas para poder demostrar a discriminación cara as mulleres.

Aínda que poñer en marcha todos estes resortes esixe de reforzos de medios, por exemplo na Inspección de Traballo, ou máis recursos económicos para abordar os plans de igualdade e os rexistros retributivos nas empresas.

Dende UGT-Galicia insístese en que a brecha salarial entre homes e mulleres é “o maior roubo da historia” ás mulleres e a toda a sociedade. É un roubo ás mulleres en canto a salarios, cotizacións para o desemprego e pensións.

É un roubo á sociedade en canto a cotizacións á Seguridade Social, en canto a impostos que non se satisfacen e en canto a emprego que non se crea. En definitiva, a brecha salarial é in-

xusta e prexudicial para as traballadoras, as propias empresas e o conxunto dos países.

Que ocorre no resto de Europa? Os datos son dispares, aínda que a media está no 14,1%, hai países con taxas moito máis elevadas, como Estonia (21,7%), Letonia (21,2%), Austria (19,9%) ou Alemaña (19,2%), ou países como Luxemburgo (1,3%) ou Romanía (3,3%), con medias moito máis baixas.

## CO GALLO DO 25N, UGT-GALICIA ORGANIZA EN SANTIAGO A XORNADA VIOLENCIA NO TRABALLO E ACOSO SEXUAL POR RAZÓN DE XÉNERO

**Redacción.-** Co gallo da celebración do 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, UGT-Galicia organiza en Santiago, o propio día 25, a Xornada violencia no traballo e acoso sexual por razón de xénero.

Esta xornada, que se celebrará na sede de UGT-Galicia, arrancará ás 9.30 coa apertura que correrá a cargo de María Jesús Campos Varela, secretaria de Políticas sociais e Igualdade de UGT-Compostela-Barbanza. De seguido, Isabel Ramos, Avogada e directora do CIM de Padrón, falará sobre “o concepto integral de violencia de xénero. A implicación social. Inserción socio-laboral para mulleres vítimas da violencia de xénero”.

Despois, abrirase un coloquio que mo-

derá a secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, Marisa Rodríguez.

Ás 11.00 horas Paz Filgueira, maxistrada do Xulgado de primeira instancia de Santiago e ex titular do Xulgado de violencia de xénero e de familia de Vigo, desenvolverá unha ponencia sobre “o acoso no eido laboral: intervencións no ámbito laboral para combater a violencia e protección das persoas traballadoras”. Contará coa moderación do coordinador dos Servizos Xurídicos de UGT-Galicia, Pedro Blanco.

Fernando Lousada, maxistrado da sala do social do TSXG, abordará “a problemática do acoso laboral dende a perspectiva de xénero”. Esta exposición contará coa moderación da Irene Martínez, secretaria xeral de UGT-Servizos Públicos de Galicia.

  
**Xornada Violencia no Traballo e Acoso Sexual por razón de Xénero**




**Lugar:** Salón de Acotos de UGT Galicia.

R/Miguel Ferro Casaveiro, 12- baixo

Santiago de Compostela

**Data:** 25 de novembro de 2021

**25N 2021** Día Internacional para a **ELIMINACIÓN** da **VIOLENCIA** CONTRA AS **MULLERES**  


Xa, para rematar, a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, clausurará a Xornada.

## A MARIÑA PARA E CLAMA POLO SEU FUTURO

**Redacción.-** A Mariña paralizou este mércores a súa actividade cunha folga xeral de 24 horas, convocada por UGT, xunto con CCOO e CIG, e os seus veciños saíron ás rúas de Burela nunha gran manifestación na que reclamaron un futuro digno para a comarca.

Este futuro pasa pola mellora das infraestruturas, que acumulan un déficit histórico con esta comarca, cunha autovía a tempo parcial e que non comunica a todos os concellos; O FEVE morrendo por abandono; o porto de maior calado inutilizado; e a vía costeira de alta capacidade só sobre o papel.

Uns servizos escasos, os sanitarios limitados, o que obriga a desprazarse a A Coruña e a Lugo, e tamén deficientes os servizos administrativos ou bancarios.

A industria ferida de morte, con peches continuos nos últimos anos en empresas ligadas á construción e a sectores primarios, e agora parecen ter o mesmo destino empresas estratéxicas para o Estado, como Alcoa, ou as ligadas a sectores de vangarda, como Vestas.

E os Orzamentos para o 2022, tanto os do Estado como os da Xunta, esquecen un ano máis esta comarca, privándoa dos investimentos que tanto precisa para saír adiante e xerar riqueza e emprego, en definitiva, garantir o seu futuro.



## MILES DE PERSOAS MANIFESTÁRONSE EN SANTIAGO EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E POLA RECUPERACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA

**Redacción.-** Miles de persoas clamaron este domingo en Santiago por unha sanidade pública de calidade e pola recuperación da atención primaria.

Nesta manifestación, que contou cunha nutrida participación de UGT co seu secretario xeral de Galicia á cabeza, denunciouse o que está a suceder na atención primaria, e as súas consecuencias para a cidadanía e os seus traballadores, cun claro responsable: a política sanitaria exercida durante os últimos 10 anos polo PP e a Consellaría de Sanidade.

Unha política baseada nos recortes e no desmantelamento da sanidade pública:

12 anos continuados de xubilacións das/os profesionais e de contratación en precario, que fomentaban a marcha de profesionais a outros servizos de saúde. Sen que a Consellaría de Sanidade tomase medidas. 12 anos de recortes nos orzamentos destinados á atención primaria. 12 anos de desmantelamento das estruturas directivas de primaria, para que ninguén sexa responsable do que acontece. 12 anos de soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixían poder traballar en condicións dignas. 12 anos negándose a incorporar novos profesionais á atención primaria para garantir unha atención sanitaria integral.

Agora é a poboación galega e os profesionais os que sofren as graves consecuencias desta situación, cun Goberno galego que

segue sen escoitar, e sen tomar medidas efectivas para modificar esta situación.

Mais xa chegou o momento de parar isto e dicir que non a: ás colas na rúa para acceder aos centros de saúde. A ter que realizar múltiples chamadas telefónicas para contactar co centro de saúde. Ás listas de espera de días ou semanas, incompatibles coa atención primaria, que colapsan os PACs e as urxencias hospitalarias e favorecen a privatización. Ao peche dos centros de saúde periféricos que discrimina á poboación rural, dispersa e máis envellecida, afastándoa da asistencia. Á consulta telefónica e telemática como eixo da asistencia, en detrimento da presencial, porque pon en risco a saúde e xera desigualdade para a xente maior. Ao recorte de persoal e a situación de inestabilidade e precariedade laboral do persoal dos centros de saúde.

É inaceptable que moitos enfermos teñan que recorrer ao sistema privado para recibir atención sanitaria. É necesario recuperar a

atención integral, a promoción, prevención, rehabilitación e traballo comunitario.

É imprescindible ter un orzamento finalista para a atención primaria, que supoña o 25% do orzamento sanitario.

É imprescindible ter máis persoal e un novo modelo de atención primaria digno, integral, accesible e de calidade.



## UGT-FICA HOMENAXEA CO II PREMIO ROGELIA MARIÑA Á ACTIVISTA TERESA VALCARCE

**Redacción.-** A sede da Fundación Laboral da Construción de Santiago acolleu este luns o acto de entrega do II Premio Rogelia Mariña que nesta segunda edición recaeu na activista social Teresa Valcarce.

Teresa, nacida en Ferrol, é unha líder e activista social que actúa como ponte entre as comunidades española e estadounidense, como unha 'networker' activa que sempre se apaixona por axudar ás persoas. Apoiou a individuos, organizacións sen ánimo de lucro e grandes corporacións.

Entre marzo de 2013 e decembro de 2014 liderou a aventura de lograr o cumprimento dunha Resolución do Congreso Continental de EEUU de 1783 que acordou honrar a un heroe español da Guerra da Independencia estadounidense, Bernardo de Gálvez, colgando o seu retrato nas pare-

des do Senado.

Lembrar que o Premio Rogelia Mariña, instituído por UGT-FICA Galicia no ano 2019, está dirixido ao recoñecemento do labor de persoas individuais ou organizacións que destaquen, dentro do seu ámbito de actuación, na defensa dos dereitos, tanto de persoas como de colectivos, no mundo sindical, ecoloxía, lingua, cultura, patrimonio ou calquera outro tipo de actuación inspirada no pensamento crítico e libre, que ao entender do xurado se axuste ao que se pretende con este premio, que non ten outra pretensión máis aló de recoñecer esforzos individuais ou colectivos por facer desta sociedade unha sociedade máis xusta e solidaria en todos os seus ámbitos.



No acto interviñeron, ademais da homenaxeada, o presidente de honra destes premios, Manuel García Salgado; o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, que o fixo telematicamente; o vicesecretario xeral de Política sindical de UGT, Mariano Hoya; o secretario xeral de UGT-FICA, Pedro Hojas; e o secretario xeral de UGT-FICA Galicia, Javier Carreiro.

## OS CONDUTORES DOS BUSES METROPOLITANOS DA CORUÑA DENUNCIAN A PRECARIIDADE LABORAL QUE FAI IMPOSIBLE CUMPRIR HORARIOS

**Redacción.-** Traballadores da empresa Compostelá S.A., do Grupo Alsa, concentráronse esta martes na estación de autobuses de A Coruña para protestar polo que consideran un empeoramento do servizo e das súas condicións laborais desde a entrada en vigor das novas concesións do transporte metropolitano hai case un ano. “É totalmente imposible cumprir os horarios”, aseguraron durante a mobilización.

Segundo explicaron, desde o inicio do novo plan, o pasado 23 de decembro, a empresa “acurtou os tempos dos percorridos das liñas, o que fai completamente imposible cumprir cos horarios que marca a Xunta”, o que provoca “constantes queixas dos usuarios aos condutores”. De forma específica, exemplificaron os problemas aludindo ao que está a ocorrer na liña de O Burgo que sae de San Pedro (Oleiros), nos autocares que cobren o traxecto

con Alvedro en Culleredo, ou aos que pasan por Carnoedo en Sada, onde “todos os días a xente está a chegar tarde aos seus traballos”, subliñaron os condutores.

Ademais de xerar situacións moi incómodas para os traballadores, que recollen as reclamacións e o descontento dos viaxeiros, queixáronse tamén polos cambios nas condicións laborais que lles afectan, xa que “hai quendas que pasan de 9 horas e antes eran de 8, e as fins de semana as quendas partidas están a incumplir o convenio” e tamén sinalaron os “constantes problemas nos lectores de tarxetas” desde que se cambiou a



tecnoloxía.

A iso engaden as deficiencias nos propios autobuses, xa que “boa parte da frota está en mal estado e hai condutores que se están pagando o fisioterapeuta para poder seguir traballando e non coller a baixa”, recalcaron, debido aos problemas ergonómicos dos asentos.

## OS GANDEIROS MOBILIZÁRONSE ESTE MARTES FRONTE A LARSA PARA DEMANDAR A SUBA DO PREZO DO LEITE EN ORIXE

**Redacción.-** Unións Agrarias iniciou o día 11 un calendario de mobilizacións para denunciar a intolerable actitude das principais industrias lácteas que operan en Galicia e que, a pesar de levar meses vendo aumentar os seus ingresos, se resisten a cumprir coa lei e a trasladar aos produtores un incremento do prezo do leite que lles permita afrontar a forte suba dos custos de produción que leva meses afogando ás granxas.

O día 11 tivo lugar unha concentración fronte a Lactalis e o martes 16 ante Larsa en Outeiro de Rei. A organización considera intolerable a actitude destas dúas industrias e demanda cambios drásticos e inmediatos para cumprir coa Lei de Cadea e garantir a viabilidade das granxas.

Das 12.320 explotacións lácteas que había no conxunto do Estado español en 2020 hoxe só quedan activas 11.603. En Galicia, das 6.857 existentes hai un ano resisten 6.476. Só o aumento do prezo dos pensos para alimentación do gando está a supor neste momento 800 euros mensuais máis de gasto para unha explotación media de 350.000 quilos de cota, o equivalente a unha produción de 30.000 quilos/mes. Así as cousas, pro-



ducir un litro de leite cústalle hoxe a un gandeiro galego 2,63 céntimos de euro máis que hai un ano só a causa do encarecemento dos cereais; sen ter en conta o aumento do prezo doutros consumos como a enerxía, os plásticos, os combustibles ou os fertilizantes.

UUA denuncia que, mentres houbo industrias que nos últimos meses tiveron en conta a forte suba dos custos de produción das granxas e fixéronas participantes da revalorización do leite impulsada pola distribución, non así Larsa e Lactalis, que suman

entorno a 2.200 produtores en Galicia. Moi pola contra, a organización condena a “intolerable actitude” de Lactalis, que neste momento “tenta extorsionar aos produtores cos que traballa cunha proposta de actualización de contrato que contempla a suba dun mísero céntimo ata abril de 2023. Asinar isto é asinar a sentenza de morte das nosas explotacións, e pedímoslle a todos os gandeiros que non cedan ás presións. Non é asumible, non podemos permitilo e imos presionar para que estas dúas industrias suban de xeito inmediato e suficiente o prezo do leite que recollen”.

## GARÁNTESE A SOSTIBILIDADE DO SISTEMA DE PENSÍONS, SEN NINGÚN RECORTE

**Redacción.-** UGT valora o acordo dos sindicatos co Goberno sobre o novo mecanismo de equidade interxeracional e lamenta que a patronal finalmente se desmarcase desta negociación.

O novo mecanismo de equidade interxeracional establece que a partir de 2023 e ao longo dun período de dez anos se faga unha cotización adicional finalista de 0,6 puntos porcentuais (0,5 corresponderá á empresa e un 0,1% ao traballador) para nutrir o Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Ademais, adaptarase a normativa sobre o Fondo de Reserva para garantir que a utilización desta cota finalista e dos rendementos que xera destínanse, exclusivamente, a atender as desviacións no nivel de gasto.

A partir de 2033, e cunha periodicidade trienal, verificarase se (de acordo coas últimas previsións do Ageing Report da Comisión Eu-

ropea ou documento análogo) o nivel de gasto en 2050 supera a previsión para ese ano do citado informe de 2024, unha vez descontado o efecto que tería o derogado factor de sustentabilidade.

a) Se o nivel de gasto previsto non supera este limiar, non se aplicará ningunha medida. Ao contrario, poderá valorarse utilizar os Fondos de Reserva da Seguridade Social para reducir as cotizacións sociais ou mellorar a contía das pensións.

b) Se o nivel de gasto previsto supera o citado limiar, aplicaranse medidas correctoras. Estas medidas deberán com-



pensar a desviación na previsión de gasto en pensións en 2050 que non estea cuberta polos activos do Fondo de Reserva cun límite do 0,8 por 100 do PIB, de acordo cunha senda que reflicta o impacto crecente que tería a aplicación do factor de sustentabilidade que agora se derroga e cun efecto temporal que non poderá prolongarse máis aló de 2060.

## AS REFORMAS LABORAIS HAI QUE DERROGALAS SI OU SI, CON EMPRESARIOS OU SEN ELES

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, reclama pechar xa o acordo para derrogar a primeira parte das reformas laborais e continuar traballando o Diálogo Social para derrogar a segunda parte destas reformas e asegurar a sustentabilidade e viabilidade do sistema público de pensións

Durante unha entrevista, sinalou que “me gustaría que os empresarios asinasen un acordo para derrogar as reformas laborais. Sería bo para todo o país. Hai

que continuar o proceso de negociación sen considerar que son imprescindibles. As reformas laborais hai que derrogalas si ou si, con empresarios ou sen eles”.

Neste sentido, afirmou que existen “dous bloques a negociar. Un primeiro no que estamos, que debería pecharse antes de final de ano, que ten que ver cos epígrafes presentados ante a UE para recibir os fondos, centrados en tres aspectos: reequilibrar a negociación colectiva, que está moi avanzado; regular a

contratación, para que os contratos que se fagan teñan que ver co traballo que se realiza; e regular os ERTE”.

“Quedaría un segundo bloque que queremos abordar con contundencia despois”, manifestou, “que ten que ver co prezo e as causas do despedimento. Queremos volver aos 45 días por ano nos despedimentos improcedentes. As empresas poden despedir sen causa e sen autorización administrativa previa, e iso non o podemos consentir”.

## É IMPRESCINDIBLE LOGRAR A INCLUSIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais e Vivenda de UGT, Ana Isabel Gracia, reclama un impulso ao diálogo social coas empresas e o Goberno para potenciar as políticas de igualdade e non discriminación a favor das persoas con discapacidade

Desta forma, durante a xornada “Emprego inclusivo, sumando capacidades”, organizada por UGT, reclamou “a inclusión das persoas con discapacidade no mercado de traballo. Resulta imprescindible avanzar cara ao logro da non discriminación e a igualdade de trato e oportunidades

das persoas con discapacidade a través da negociación colectiva”.

Neste sentido, lembrou que a taxa de actividade deste colectivo está “só no 34%; o 66% das persoas con discapacidade son inactivas, isto quere dicir que hai máis de 1,2 millóns de persoas con discapacidade que non traballan, nin van traballar, nin tan sequera vanse a apuntar ao desemprego; a taxa de emprego é do 25,9%; e a súa taxa de paro está no 23,9%”.

Con estas cifras, “é evidente que as medidas destinadas ao fomento da inte-

gración das persoas con discapacidade no mercado de traballo non resultaron eficaces. Non se está logrando a inserción laboral das persoas con discapacidade”.

Para Ana Isabel Gracia, “urxe unha reconsideración global de todas as políticas de inclusión en consonancia coa Convención da ONU sobre os Dereitos destas persoas, como o dereito para traballar en igualdade de condicións de traballo xustas e favorables e, en particular, a igualdade de oportunidades e de remuneración por traballo de igual valor. Reclamamos un mercado de traballo inclusivo, non segregador”.

## UN PRIMER PASO PARA A CREACIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN PARA AS VÍTIMAS DO AMIANTO

**Redacción.-** UGT, CCOO e a Federación Estatal de Asociaciones de Víctimas do Amianto saúdan a inclusión da emenda nos PXE de 2022, aínda cunha contía insuficiente, pero que debe dar pé á aprobación inmediata da proposición de Lei para a creación dun fondo de compensación das vítimas do amianto actualmente en tramitación.

O anuncio este xoves do acordo alcanzado na Comisión de Orzamentos do Congreso dos Deputados para aprobar unha emenda transaccional ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado de 2022 acordada por PSOE, Unidas Podemos, EH Bildu e ERC que incluírá unha partida de 25 millóns de euros destinada a indemnizar ás vítimas do amianto é, a xuízo da Federación Estatal de Asociaciones de Víctimas do Amianto ( FEDAVICA), CCOO e UGT, un paso na dirección adecuada para empezar a solucionar o problema do recoñecemento e compensación das persoas afectadas por este axente tóxico e canceríxeno. De feito, a inclusión desta emenda foi unha das reivindicacións expostas por FEDAVICA, UGT e CCOO na reunión que mantivemos cos grupos parlamentarios de Unidas Podemos e o PSOE o pasado 3 de novembro no Congreso dos Deputados.

Con todo, tanto asociacións de vítimas como sindicatos cremos que é un paso insuficiente, tanto pola contía como pola vivencia limitada ao exercicio 2022, polo que reiteramos a nosa esixencia de lograr unha solución satisfactoria e permanente, que non é outra que a aprobación da proposición de Lei para a creación dun fondo de compensación das vítimas do amianto presentada polo Parlamento Vasco e actualmente en estudo na Comisión de Traballo, Inclusión, Seguridade Social e Migracións do Congreso. A proposición foi admitida a



trámite o 13 de abril polo Pleno do Congreso, pero veu sufrindo ampliacións do período de presentación de emendas na Comisión, a última esta mesma semana, que atrasaron o inicio da súa tramitación definitiva. Este feito xa se produciu na XII lexislatura, na que se presentou esta mesma proposición de lei e cuxo atraso na súa tramitación xa tivo consecuencias negativas, xa que o adiamento de eleccións xerais ao principio de 2019 impediu a súa aprobación, a pesar de alcanzarse un consenso entre os grupos parlamentarios sobre o seu texto definitivo.

Por esta razón, desde FEDAVICA, CCOO e UGT esiximos aos grupos parlamentarios e á mesa da Comisión que non se aproben máis ampliacións do período de emendas e que non se demore máis a súa discusión. Ademais, consideramos que o debate non debería empezar de cero senón retomando os consensos alcanzados polos grupos parlamentarios no anterior intento de tramitación desta proposición de Lei e tendo en cuenta a posición de vítimas e representantes das persoas traballadoras durante a súa discusión.

A creación deste fondo de indemnización é unha reclamación histórica de FEDAVICA, UGT e CCOO e serviría para que as vítimas do amianto e as súas familias

non teñan que loitar nos xulgados para reclamar os seus dereitos, co elevado custo económico e persoal que isto implica e o risco de obter sentenzas con resultados dispares. Ademais, equipararíanos a países da nosa contorna, como Francia, Holanda ou Bélxica, que xa contan con fondos de indemnización destas características.

O rexistro das enfermidades de orixe laboral é unha das materias pendentes do sistema preventivo español, sobre todo as daquelas que teñen un longo período da latencia entre a exposición e a materialización da enfermidade, o que dificulta o establecemento do feito causal e o seu recoñecemento como continxencia profesional. É un problema que afecta a numerosas patoloxías, pero que polo menos no caso do amianto podería paliarse en gran medida coa creación do fondo de indemnización.

E, por último, non podemos deixar de lembrar a necesidade de que o fondo amplíe a súa cobertura ás exposicións ambientais en veciñanzas afectadas por instalacións nas que se procesaban materiais con amianto, e ás exposicións familiares, fundamentalmente de mulleres que estaban en contacto coa roupa de traballo contaminada con amianto que os seus esposos levaban aos seus domicilios.

## O traballo decente e a xustiza social, unha necesidade acuciante

**Redacción.-** Jesús Gallego instou ós gobernos a pasar á acción e cumprir os seus compromisos, durante a súa intervención no I Congreso Interuniversitario OIT sobre xustiza social, o traballo decente e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. O secretario de Relacións Internacionais de UGT puxo en valor a declaración adoptada, por unanimidade, na última Conferencia Internacional do Traballo, froito do diálogo social tripartito. “Este chamamento á acción, non é só unha declaración, ten que ser entendida como unha alerta e como unha chamada urxente á acción sobre unha necesidade perentoria, que se

fixo máis evidente durante a pandemia, pero que vén arrastrándose desde anos: a desigualdade e as malas condicións laborais e de vida de gran parte da poboación mundial. Pero tamén ten un significado na súa forma: o tripartismo, a negociación, o que as organizacións sindicais e empresariais, así como os gobernos traballasen duro para chegar a un acordo ten que ser posto en valor e ten que marcar o camiño para seguir para enfrontarnos a calquera reto”.

Gallego destacou que a pandemia causada polo Covid-19 e os problemas socio-

laborais que trouxo indicaron un bo camiño para traballar nalgúns aspectos, pero “aínda non estamos á altura para dar unha resposta eficaz para os efectos que a pandemia require”. A xuízo do secretario de Internacional, “a pandemia revelou a necesidade de reforzar os servizos públicos e garantir os dereitos laborais, pero tamén volveu poñer de manifesto as desigualdades sociais. Desigualdades que creceron e puxo en evidencia un sistema económico que sitúa os intereses privados por encima dos da maioría e que é capaz de subordinar as políticas estatais aos intereses duns poucos”.